

O CORUÑÉS CAMPUS DE OZA ACOLLE O INICIO DA CAMPAÑA “UN ALENTO DE VIDA”

Unha unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) achegará a campaña “Un alento de vida” ata o coruñés campus de Oza ao longo da presente xornada. Unha unidade móbil da Axencia estará diante da entrada principal da Facultade de Enfermaría das 15:30 ás 21:00 horas. Ao carón da unidade móbil disporase unha instalación na que os participantes poderán engadir un globo a unha gota de sangue xigante, como modo de simbolizar como unha doazón de sangue pode aportar ese aire vital para moitos enfermos, proporcionándolle unha nova esperanza de vida.